



CASA DE ROSALÍA

2º e 3º CICLO DE PRIMARIA | GUÍA DIDÁCTICA PARA O PROFESORADO

A proposta didáctica *Visitamos a Casa de Rosalía* elaborouse para un abano amplo de alumnado, que pode ir dende 3º de primaria ata o 6º curso de primaria, que vai visitar a Casa de Rosalía.

Esta guía parte da necesidade da Fundación Rosalía de contarmos con material didáctico. Para a súa elaboración contactamos con Pilar Ponte (A Profa), que é a autora da mesma.

Obxectivos

Entre os principais obxectivos que se agardan da utilización deste material e da visita á casa-museo podemos sinalar:

- **Achegarse á figura das nosas letras, coñecela como muller e nai.**
- **Coñecer elementos básicos da súa obra.**
- **Recoñecer a admiración que por ela tiveron persoas de todos os tempos.**
- **Vivir a Casa de Rosalía como a súa casa, a casa na que todos os galegos e galegas son ben recibidas.**

Queremos que as profesoras e profesores deste nivel sexan conscientes da enorme importancia do seu labor ao teren a responsabilidade alimentar nos seus inicios no imaxinario do noso alumnado a figura de Rosalía de Castro. Na maioría dos casos vai ser o profesorado de primaria o encargado de facer medrar esa primeira semente de recoñecemento e amor por Rosalía, de achegar as nosas alumnas e alumnos a unha muller próxima que cantaruxaba pola casa e gozaba do contacto cos nenos e que se hoxe estivese entre eles había de ser falangueira e rebuldeira.

Esta intervención didáctica non ten a intención de suplir o material académico senón de ser un complemento que axude a achegar a Rosalía tamén a través dun coñecemento directo do patrimonio material.

1. Contido da proposta didáctica *Visitamos Casa de Rosalía*

Visitamos a Casa de Rosalía ofrécelle ás profesoras e profesores dous materiais de utilización exclusiva para os docentes:

– ***Visitamos a Casa de Rosalía. Guía do profesorado.***

Neste documento o profesorado atopará a explicación da unidade didáctica, os seus obxectivos, o contido da proposta didáctica, así como tamén a súa xustificación curricular actualizada á LOMLOE.

– ***Visitamos a Casa de Rosalía. Guía docente para a visita.***

Proposta de actuación para o profesorado na visita á Casa-Museo.

Estas dúas guías acompañan os seguintes materiais para utilización directa co alumnado:

– ***Rosalía de Castro. Visitamos a casa de Rosalía***

(guía do alumnado)

Guía do alumnado que o vai guiando no seguimento da presentación.

– ***A Rosalía do pobo.*** Primaria.

Presentación online para utilizar na aula co alumnado.

– ***E ti canto sabes de Rosalía?*** Primaria

Xogo de preguntas sobre Rosalía.

– ***Rosalía de Castro. Lugares da súa vida***

Xogo de preguntas sobre os lugares nos que viviu Rosalía.

2. Contexto curricular para a etapa de educación primaria

Esta proposta didáctica adáptase ao novo currículo de educación primaria feito público no Proxecto do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.1. Obxectivos da etapa

As actividades propostas insírense no marco educativo curricular ao traballar de cheo o obxectivo de etapa:

- ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.

2.2. Competencias clave

Podemos, asemade, sinalar as competencias clave da etapa que se desenvolven mediante a realización desta proposta didáctica:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

2.3. Currículo de Lingua Galega e Literatura

Dentro do currículo propio da materia de Lingua Galega e Literatura I sitúase no ámbito de desenvolvemento do terceiro bloque.

O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle os saberes e experiencias necesarios para a consolidación do hábito lector e a conformación da propia identidade lectora, o desenvolvemento de habilidades de interpretación de textos literarios, a expresión de valoracións argumentadas sobre eles e o coñecemento da evolución, configuración e interrelación entre textos a través da lectura en profundidade dalgunhas obras relevantes da literatura galega e tamén da lusófona.

Está vinculado co obxectivo 8:

- OBX8. Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos

Contexto curricular para a etapa de educación primaria [CONTINÚA]

literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.

2.4. Criterios de avaliación

Podemos sinalar os seguintes criterios de avaliación traballados na proposta didáctica:

- CA1.2. Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.
- CA1.3. Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.
- CA2.2. Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.
- CA2.3. Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.
- CA3.2. Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.
- CA3.6. Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.
- CA4.3. Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.
- CA5.3. Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.
- CA5.4. Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.
- CA5.5. Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.
- CA7.2. Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.
- CA7.6. Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.

Contexto curricular para a etapa de educación primaria [CONTINÚA]

CA9.1. Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.

2.5. Contidos:

- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
 - Construción da identidade lectora empregando textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses.
 - Valoración do texto literario galego e da literatura en xeral, como vehículo de comunicación e recurso de lecer persoal.
 - Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
 - Comprensión, memorización e recitado de poemas, valorando o ritmo e a entoación.
- Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios).
 - Análise guiada dos recursos expresivos elementais e os seus efectos na recepción do texto.
 - Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
 - Elaboración de textos con intención literaria en galego, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios.
 - Creación de textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.



CASA DE ROSALÍA

A Matanza, s/n.
Padrón

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO

APOIA:



Deputación
DA CORUÑA